

## Medidas específicas:

13. Posta en marcha dun plano de desenvolvemento industrial para a bisbarra, con medidas urxentes para sectores como o naval, a automoción, a construción, a pesca e actividades portuarias.
14. Participación da Xunta na constitución de novos proxectos industriais nas principais actividades da bisbarra.
15. Conformación dun holding entre os distintos estaleiros, empresas auxiliares e empresas transformadoras do metal na ría de Vigo, con participación pública e privada.
16. Posta en marcha da Lei do sector naval aprobada no Parlamento Galego.
17. Impulsar un plano galego para a industria da automoción con medidas de apoio ao I+D+i no sector, á especialización, a promoción dos vehículos híbridos e eléctricos e a optimización dos procesos produtivos, pulando polo aproveitamento das sinerxías coa industria secundaria.
18. Creación dunha bolsa de traballadoras e traballadores do sector da automoción, regularización e homoxeneización da xornada laboral e prexubilación no sector aos 55 anos (garantindo o 100% da prestación).
19. Programa para estimular a rehabilitación de vivendas.
20. Posta en marcha dun plan integral de recuperación da Ría de Vigo para desenvolver as súas potencialidades en pesca e marisqueo.
21. Exixencia ante a UE e Estado Español do peche de acordos pesqueiros con terceiros países que non exclúan a flota pesqueira galega, así como a non aplicación a Galicia da política de cotas e TAC impostas pola UE.
22. Apoio ao pequeno comercio, a través da regulación de horarios, limitar a implantación de grandes áreas comerciais e promoción da compra produtos galegos.
23. Programas de reinserción laboral das persoas desempregadas de longa duración das actividades industriais e da construción, e posta en marcha de programas de emprego destinados preferentemente ás mulleres e a mocidade.
24. Promoción de fórmulas cooperativas para o emprendemento laboral.
25. Posta en marcha dun plano de mobilidade comarcal, coa implementación do transporte metropolitano, a mellora da conexión ferroviaria (tamén de proximidade), do transporte de ría e aeroportuario dentro dun modelo integrado a nivel galego.



Confederación Intersindical Galega  
[www.galizacig.gal](http://www.galizacig.gal)

11/6/2015

# CONTRA A POBREZA

## Alternativas para a creación de emprego na bisbarra de Vigo

## Emprego e salarios dignos



Confederación Intersindical Galega  
[www.galizacig.gal](http://www.galizacig.gal)

# Alternativas para a creación de emprego na bisbarra de Vigo

A vixente crise do capitalismo, iniciada en 2008, e os efectos das políticas de recorte postas en marcha --ao ditado da Troika europea-- polos gobernos de dereita, quer en Madrid quer na Xunta, só serviron para beneficiar ao grande empresariado e o capital financeiro. A situación na área de Vigo (comarcas de Vigo, Baixo Miño, O Morrazo e O Condado), así o demostra.

## Máis desemprego e máis precariedade

O ano 2014 concluíu cun 78,02% máis de paro na nosa bisbarra que en 2007. Os datos do paro rexistrado cifran en 66.788 as persoas que iniciaron o 2015 sen un posto de traballo. Máis dun terzo está no paro desde hai máis de dous anos. Porén, o desemprego real atinxe lamentablemente a inda máis persoas.

O nivel insoportábel de desemprego ten a ver directamente coa continuada destrución de postos de traballo. Nos últimos cinco anos destruíronse 13.700. Por sectores os máis castigados son a construción, a pesca e a industria. Ao tempo, máis do 90% dos contratos que se asinan son temporais e cada vez é maior o número de contratos a tempo parcial, para alén do empeoramento das condicións de traballo e do continuado empobrecemento dos salarios.

En resumo, a nivel laboral o balanço destes anos resúmese en máis paro, menos postos de traballo e un emprego cada vez máis precario.

Resultado da recesión económica e da ausencia de políticas públicas que asegurasen o seu desenvolvemento, asistimos a un crecente esmorecemento produtivo en actividades chave como a industria, a automoción, a construción naval, a pesca ou a construción. É por iso que o tecido produtivo de Vigo perdeu nos últimos anos peso relativo no conxunto de Galiza.

## Máis empobrecemento e maior desigualdade

O desemprego e a precariedade teñen un impacto directo nas condicións de vida da poboación, na medida en que para a clase traballadora (que representamos a maioría social) o salario é a fonte de sustento que garante a nosa propia subsistencia. Só na cidade de Vigo hai 54.000 persoas en risco de exclusión social e máis de 8.000 fogares nos que a todos os seus membros fican sen emprego. A maioría dos fogares teñen dificultades para chegaren a final de mes e nunha cuarta parte as prestacións públicas e subsidios representan o 100% dos ingresos.

Son moitas máis as persoas que se ven forzadas a acudir a comedores sociais ou repartos de comida para se poder alimentar, e varios centos as que

carecen de teito baixo o que vivir. Ao tempo, aumentan os desafiuzamentos, un 10,11% entre 2013 e 2014. E todo nunha cidade que conta con máis de 21.000 vivendas desocupadas.

Reverter a situación laboral e social que padece a nosa bisbarra é posíbel, pero exige unha mudanza radical nas políticas, no sentido contrario ás desenvolvidas polo Partido Popular desde a Xunta de Galiza e o Goberno español.

Desde a CIG temos elaborado unha serie de alternativas concretas. Medidas que de se aplicaren suporían un importante avance na mellora das condicións de vida e de traballo das clases populares, favorecendo ademais a recuperación da actividade produtiva e o desenvolvemento económico.

## As nosas alternativas

### Medidas xerais:

1. Derrogación das reformas laborais, da negociación colectiva e das pensións.
2. Redución da xornada laboral cara ás 35 horas semanais e limitación das horas extraordinarias para un mellor reparto do traballo
3. Incremento do salario mínimo interprofesional ata acadar o 60% do salario medio.
4. Creación dun salario de inserción laboral e social, para persoas desempregadas que non cobren outra prestación. Mellora das prestacións públicas existentes.
5. Eliminación das ETTs e das axencias privadas de colocación e limitación restritiva da contratación temporal e a tempo parcial.
6. Mellora dos servizos públicos poñendo fin ás políticas de recorte e privatización, a principiar por un novo Hospital de Vigo de 100% público.
7. Fin dos desafiuzamentos e políticas públicas para facilitar o acceso social á vivenda.
8. Reforma fiscal progresiva para aumentar a achega en impostos do capital empresarial e financeiro e das rendas máis altas.
9. Perseguir a fraude e a evasión fiscal e obrigar ás empresas con centros de traballo en Galiza a pagaren impostos no noso país.
10. Creación dunha Banca Pública Galega e dun Instituto Galego de Crédito e Financiamento.
11. Intervención pública directa na economía a través da creación do Instituto da Empresa Pública Galega.
12. Potenciar que toda a negociación colectiva se desenvolva en Galiza (marco galego de relacións laborais).